Datos Do Expediente:

CONTRATOS REGULACIÓN ARMONIZADA		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/96/2014	CONZI0JH	
5K124U0D5H470O0O0AQN		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTEN A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PARA A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR NON CUANTIFICABLE POR FÓRMULA, DO SERVIZO DE LIMPEZA INTERIOR DE OFICINAS MUNICIPAIS MAIS ESCOLAS DE PRIMARIA.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, alcalde-presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral.
D. Manuel G. Antón Villamil, interventor substituto.
D. José Ibán Santalla Borreiros, concelleiro delegado de Servizos.
D. Anselmo García López, funcionario do departamento de Servizos Externos.

Secretario Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación

Sendo as 12.00 horas do día catorce de setembro de dous mil quince, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a apertura dos sobres "C" que conteñen os criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor.

De conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron os representantes dos candidatos participantes nesta licitación Star Servicios S.L. e Samyl S.L.

A Mesa de Contratación previamente á apertura dos sobres, que conteñen os criterios subxectivos cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, informa aos presentes, polo secretario da mesma, que foron admitidas todas as ofertas presentadas.

Continuando cos puntos da orde do día, procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa aos criterios dos que a súa valoración depende dun xuízo de valor, a Presidencia a medida que vai abrindo os sobres das ofertas presentadas, indica aos presentes o seu contido segundo o índice incluído no sobre.

1- Plica núm. 1 presentada por Star Servicios S.L.

- Obxecto do contrato
- Necesidades a satisfacer
- Desenvolvemento da memoria técnica
- Orzamento xustificado
- Plan medio ambiental e social
- Anexos

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Neste momento un representante da empresa, advirte que o estudo económico se refire ao prezo de licitación, non á oferta presentada no sobre "A".

2- Plica núm. 2 presentada por Ferrovial Servicios S.A.

- Obxecto do servizo
- Descrición dos edificios: Desagregación por zonas, descrición por efectos de intervención, tipoloxía de superficies e tratamento de limpeza
- Frecuencias das intervencións
- Metodoloxía de limpeza
- Organigrama funcional e de asignación de persoal
- Descrición da maquinaria e medios auxiliares
- Descrición dos produtos de limpeza e hixiénicos a empregar
- Política medio ambiental
- Compromiso, política e medidas de igualdade desenvolvidas por Ferrovial Servicios S.A.
- Compromiso en medidas de inserción en caso de vulnerabilidade por Ferrovial Servicios S.A.

3- Plica núm. 3 presentada por Samyl S.L.

- Descrición de edificios e estancias, mobiliario e tipoloxía
- Introdución; períodos e días de prestación; horarios; actividades e frecuencias e persoal que as fará; fichas por centros; organización por centro; resumo de persoal por grupos; actividade,s frecuencias e especificacións de tratamentos segundo tipoloxía.
- Plano de mecanización e automatización; innovacións; medios auxiliares; oferta maquinaria por grupos e dependencias; oferta de medios de seguridade; descrición e útiles; previsión útiles por grupos e dependencias.
- Descrición de produtos; produtos de limpeza; produtos para tratamentos; consumibles; previsión de necesidades por edificio de produtos e consumibles.
- Política medioambiental
- Igualdade
- Vulnerabilidade social
- Estudo económico
- Fichas de produtos e maquinaria

A Mesa decide remitir toda a documentación contida no sobre "C", así como unha copia desta acta e do prego de condicións administrativas, aos servizos técnicos, aos efectos de que realice o informe de avaliación destes criterios, cuxa valoración depende dun xuízo de valor, indicándolle que o mesmo debe de estar en disposición do Servizo de Contratación do Concello de Narón á maior celeridade co obxecto de convocar aos membros desta Mesa para que en acto público se proceda a apertura do sobre "A" cos criterios avaliables mediante fórmula.

A continuación toma a palabra o secretario da Mesa, expresando a posibilidade de clarexar o contido das ofertas.

Unha vez realizada a valoración polos técnicos, procederase a dar conta do resultado da valoración en acto público, antes da realización da apertura do sobre "A", nos termos contidos no artigo 30 do R.D. 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Sen máis asuntos que tratar, e dando por rematado o presente acto, sendo as 12 horas e 25 minutos da data indicada no encabezamento, levántase a correspondente Acta, que asino co refrendo da Presidencia, perante min, o Secretario. Doi fe

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es